



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN
PROVINCIAL DE CONFRARÍAS DE PESCADORES DE PONTEVEDRA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar coa Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 14.04.2021 ata o 16.12.2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra co fin de financiar as inversións que leve a esta institución sen ánimo de lucro a acadar a mellora da competitividade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que se trata dunha subvención nominativa porque na Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 figura a dotación orzamentaria no capítulo VII de Transferencias de Capital, 15.03.722A.781.4, proxecto 2014 00639, destinada a financiar convenios coas federacións de confrarías de pescadores para realizar determinadas inversións.

E de conformidade co artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

Que dende a Federación se pretende a adquisición dos coñecementos básicos e indispensable en materia de prevención de riscos laborais co obxectivo de acadar a concienciación neste campo do persoal directivo e laboral das confrarías de pescadores e das lonxas a través dunha xornada técnica na sede da Federación que irá precedida de distintas mesas de traballo nas que se programará o contido e os obxectivos desta acción formativa que se denominará "obrigas e responsabilidades das Confrarías de Pescadores en materia preventiva"





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DOMAR

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Rúa dos Irmandiños s/n Salgueiriños

15701 Santiago de Compostela

Tel: 981 546177

Fax: 981 546138



Co fin de dotar aos membros dos órganos de xestión e administración da Federación daqueles medios que lles posibiliten o acceso á información en calquera momento e lugar, na mesma liña de acción que supón a actualización tecnolóxica preténdese adquirir unha videocámara-webcam que posibilita a gravación e rexistro das reunións e actos da Federación que así o precisen e ademais permita a participación de todos os membros da entidade naquelas xuntanzas que se celebre a través de videoconferencia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria , en Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Susana Rodríguez Carballo

(asinado dixitalmente)



Xacobeo 2021

